

Galiza

En

Con voz
propia

Europa

Decálogo de
principios do BNG
Europeas 2019



Decálogo de
principios
inspiradores
da actuación
do BNG no
**Parlamento
Europeo
2019-2024**



Introdución programa europeas

O documento que tes diante condensa a batería de principios e liñas de actuación polas que se rexerá a representación do BNG no Parlamento Europeo a partir do próximo 26 de maio. Unha representación que aspiramos a reforzar coa túa axuda para que o traballo desenvolvido estes anos poida multiplicarse. A día de hoxe, nun contexto de desaceleración económica, reforzamento da dereita e dos fascismos e de retroceso democrático, é tremendamente necesario reforzar a voz propia de Galiza no Parlamento Europeo. Con humildade, pero co traballo demostrado nestes anos, podemos afirmar sen que e é a única opción con garantías para a defensa da democracia e dos dereitos sociais e nacionais dos galegos e galegas.

Historicamente, a conformación da Unión Europea e a negociación do Estado Español para integrarse foi prexudicial para os intereses económicos e sociais da nosa nación e asumida con pleitesía polas forzas de obediencia estatal. Así, derivou no desmantelamento dos nosos sectores produtivos, destruindo capacidade e emprego no agro, no mar, na industria. Unha situación que nunca foi compensada cunha alternativa diferente á xestión de esmola en forma de axudas. Axudas que neste momento están a experimentar tanto o seu cuestionamento como o retroceso nas súas contías, o que xerará novos problemas e consecuencias negativas para Galiza.

O nacionalismo galego tivo e ten presente que a Unión Europea foi concibida como un espazo ao servizo da globalización e dos intereses do capitalismo financeiro e das multinacionais. Por estas razóns, o nacionalismo galego é irmán dos movementos de emancipación nacional dos pobos sen Estado e dos movementos que defenden a igualdade e a xustiza social. O nacionalismo galego ten vontade de contribuír a conformar unha alternativa internacional tanto á globalización neoliberal como aos emerxentes populismos ao tempo que aspiramos a unha Galiza soberana para sermos protagonistas do noso futuro e participar así na comunidade internacional.

Vivimos un contexto internacional sobre o que podemos dicir que unha pantasma percorre o mundo ao coñecer en diferentes pobos o denominado ascenso dos fascismos e dunha ultradereita sen carauta nin complexos que ten radicalizado a súa expresión. Tamén no Estado español vemos unha radicalización e o poder político que aínda ten un franquismo que continúa aínda sen Franco. É evidente que o seu meirande inimigo somos as nacións do Estado e os movementos políticos emancipadores coma o nacionalismo galego, polo tanto a nosa alternativa é a mellor resposta.

Debemos ter presente tamén que no contexto actual os datos convidan a prever un empeoramento das condicións de vida e traballo das clases populares, consecuencia da “desaceleración” do crecemento do PIB, a evolución dos prezos do petróleo e outras tendencias internacionais. Neste contexto, o BNG recorda o papel das institucións europeas como impulsoras das políticas de “austeridade” que recortaron dereitos salariais e sociais ás clases populares para transferirlos á banca e ás clases dominantes. Temos presente como ten contribuído a destruír a economía produtiva e economías nacionais autocentradadas a través de instrumentos como Maastricht, o Tratado Constitucional, a directiva Bolkestein, o CETA, o TTIP, as privatizacións ou os corsés a sectores produtivos básicos (agrario, pesqueiro, naval...). Políticas que aceleraron os procesos de privatización de empresas así como desmantelaron sectores produtivos estratéxicos para moitos pobos. Nos próximos anos seguiremos denunciando este papel e traballando por non permitir un só paso atrás máis.

Feitos recentes como o intento de golpe de estado en Venezuela volveron constatar como é necesario seguir denunciando como a Unión Europea é partícipe das políticas imperialistas e asume como propia en boa medida a axenda imperialista dos Estados Unidos polo que é necesario reforzar unha voz como a do BNG, defensora sen complexos do antiimperialismo e da paz. Neste contexto é necesario denunciar todas e cada unha das veces o papel das institucións europeas incumprindo co dereito de asilo e refuxio, rompendo con normas establecidas no dereito internacional ou vulnerando o principio de non inxerencia e de soberanía, con consecuencias de miseria, violencia e empobrecemento.

Nestas Eleccións ao Parlamento europeo a militancia do BNG adoptou asembleariamente a decisión de concorrermos nunha coalición con forzas soberanistas de Euskal Herria (Eh Bildu) e Catalunya (ERC) ademais de con outras organizacións dos

pobos do estado. Esta alianza adoptou o nome de #AgoraRepúblicas e é a mellora aposta para defender os intereses de Galiza. Por unha banda, é o garante de termos unha representación máis forte e, pola outra, é tamén unha oportunidade para defender o dereito de autodeterminación e denunciar o carácter reaccionario do Estado Español e os retrocesos democráticos que está a impoñer.

O contexto político actual no Estado español caracterízase por unha acentuación da crise do réxime, coa cuestión nacional como elemento central, que está a xerar opcións que, para alén de reaccionarias e autoritarias, abandeiran a españolización e aínda unha maior centralización do Estado, aproveitando a vaga de ultraespañolismo que as forzas do réxime alimentaron sen pudor nos últimos anos.

Isto conforma un escenario máis complexo, de previsíbel crecente crispación e ataque ao nacionalismo na recomposición dese espazo político da dereita española. Porén, no BNG non temos medo a defender o que somos. E neste escenario seguiremos traballando para demostrar á sociedade galega a necesidade dunha Galiza con capacidade real de decidir sobre os seus asuntos para mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas e que neste contexto só a alternativa nacionalista é garante de verdadeira democracia.

Así mesmo, recentemente ficou demostrado con exemplos como o catalán como a Unión Europea continúa a ser a Unión dos Estados, sometida ás xerarquías de poder e a esta formulación sempre como negadora dos dereitos das nacións sen estado e do seu recoñecemento. Conscientes de que a Unión Europea non é hoxe espazo superador dos atrancos estatais aos dereitos das nacións, seguiremos traballando polo noso recoñecemento, polo doutros pobos do mundo e por dar voz a aquelas posicións democráticas cuestionadoras da actual Unión Europea.

Temos importantes retos de futuro e moito por gañar. Por iso, aínda que as e os nacionalistas mantemos unha visión crítica co papel da Unión Europea como estrutura ao servizo dos intereses da grande oligarquía europea e somos conscientes de que opera baixo unha lóxica perversa para os intereses galegos, temos demostrado que termos representación propia é unha ferramenta útil na defensa dos nosos intereses, necesidades sociais e recoñecemento político. Nas seguintes páxinas tes as que serán as nosas liñas básicas de actuación levando a voz propia de Galiza tamén ao Parlamento Europeo.

01

Recoñecemento de Galiza como nación e defensa da súa soberanía

Galiza é unha nación que ten dereito a decidir libremente o seu futuro. A presenza directa do BNG nas institucións europeas, malia as súas limitacións, empregárase para avanzarmos no recoñecemento da existencia política da Galiza como nación e o seu dereito a decidir por si propia, así como esixir participación directa nos foros onde se tomen decisións que lle afecten, con dereito de voz, de voto e de veto en asuntos que nos afecten como pobo, ou, por exemplo, reivindicando o dereito da Galiza a presentar recursos directamente perante o Tribunal de Xustiza da UE.

Sendo conscientes de que a Unión Europea actúa como estrutura xurídico-política ao servizo do grande capital, contraria aos intereses das clases populares, impulsora das políticas de “austeridade” para recortar dereitos sociais e cun marcado carácter imperialista, como amosou o exemplo catalán, farémolo desde a perspectiva de rachar e superar o actual modelo de Unión Europea. O BNG traballará no camiño da construción dun modelo internacional de cooperación, a partir do respecto á soberanía das nacións e dos pobos, das relacións económicas xustas e reciprocamente beneficiosas e da defensa da democracia. A soberanía das nacións en Europa, entre elas Galiza, é o xeito máis seguro para avanzar a un modelo de sociedade máis democrático, xusto e igualitario.

02

A presenza directa de Galiza na defensa dos seus intereses

Galiza precisa dunha voz que a defenda. Se Galiza ten voz propia na Unión Europea, os seus intereses contarán cun importante altofalante ao servizo dos intereses xerais dos galegos e galegas e como nación. Malia as carencias democráticas e de transparencia da Unión Europea e as limitacións das súas institucións, a presenza do BNG no Parlamento Europeo é unha ferramenta útil na defensa dos intereses de Galiza, da súa capacidade produtiva, da xeración de emprego digno e da creación de riqueza ao servizo do pobo galego.

O BNG defenderá o respecto ás competencias exclusivas que o noso país ten establecidas, opoñéndose ás inxerencias de decisións comunitarias en relación con ámbitos competencialmente atribuídos ao noso país en materia orzamentaria e financeira, agraria, pesqueira, forestal, de infraestruturas, medio, enerxética, comercio, transporte, turismo, asistencia social, patrimonio histórico, lingua, cultura, deporte, etc.

O BNG reclamará meirande representación institucional de Galiza en Bruxelas (alén do que hoxe representa a Fundación Galicia-Europa) para contribuír a aumentar a representación e defensa dos seus intereses perante as institucións comunitarias.

Defensa dos nosos sectores produtivos estratéxicos

Galiza é periferia da periferia no marco da UE. A entrada na CEE e a pertenza á UE acrecentou o papel dependente concedido a Galiza no marco estatal; un pesado lastre adicional para o desenvolvemento de sectores estratéxicos da nosa economía. Só aspiramos a vivir do noso traballo, e que todas as galegas e galegos teñan dereito a un emprego digno na súa propia Terra.

As políticas da UE non teñen en conta os intereses da Galiza. A Política Agraria Común (PAC) ou a Política Pesqueira Común (PPC) son bos exemplos de deseños comunitarios contrarios a calquera modelo de desenvolvemento para Galiza que teña en conta a enorme potencialidade produtiva do noso país nestes ámbitos. Négannos a posibilidade de producir; só nos permiten consumir. E así, as regras de xogo impostas desde Bruxelas só receiptan o desmantelamento dos nosos sectores (iso si, subvencionado) para que sexan outros os que produzan. O saldo, após 33 anos de integración na UE, validaron as análises que naquela altura realizaba o nacionalismo galego: temos menos poboación e máis avellentada, forte emigración xuvenil, e unha capacidade produtiva fortemente reducida.

Só a través de políticas propias, sen subordinacións, seremos quen de impulsar políticas pensadas para pór a producir o noso país, combater a emigración, e construír na Galiza unha sociedade máis xusta. Galiza debe ter dereito a xestionar directamente, sen inxerencias do Estado español, todos os fondos comunitarios que lle corresponderen.

04

Por outro sistema económico

O BNG é garantía da defensa dun sistema económico antitético ao impulsado hoxe pola UE e caracterizado pola concentración en institucións sen lexitimidade democrática os designios da política económica e pola concentración da riqueza e actividade económica nos estados do centro, a costa do paulatino declive económico do tecido produtivo e financeiro da periferia.

Trátase dun modelo feito á medida dos intereses dunha elite económica e empresarial, onde cada vez atesoura máis capacidade de decisión unha “tecnocracia” que exerce unha política económica de falsa austeridade e recortes virada cara ás corporacións monopolistas. Ademais, favorece a especulación financeira e penaliza as economías produtivas, singularmente as da periferia europea, e que non sobre as costas das clases traballadoras.

O BNG será un contrapunto a un modelo de integración europea xerarquizada, que actúa como un poder supraestatal, ao ditar unha política económica antisocial e contraria ao desenvolvemento autocentrado de nacións como Galiza, que provocou fondas desigualdades económicas, territoriais e sociais.

O combate contra o deseño neoliberal antisocial non pode dissociarse dos nosos intereses nacionais, xa que o padecemos en maior intensidade ao vírennos impostas as decisións por parte dun estado que nos concede un rol dependente. Só comprendendo a nosa realidade, confiando nas nosas capacidades e potencialidades, poderemos enfrontar con maior eficacia a loita para levar adiante políticas a prol dos intereses das maiorías sociais de Galiza.

05

Pola defensa da democracia

A arquitectura institucional en que se asenta a Unión Europea non é democrática, tanto porque os seus principais centros de decisión actúan á marxe de poderes públicos con lexitimidade democrática, como por adoptar decisións baseadas en procedementos opacos, permeábeis á influencia de lobbis que representan os intereses das grandes corporacións económicas. Todo isto, a través dunha tecnocracia que se está a converter nunha nova forma de autoritarismo. Por esa razón, o BNG reitera a súa oposición á Constitución europea e ao Tratado de Lisboa.

Ademais, nos últimos anos estamos a asistir a un aumento na restrición de dereitos civís e políticos, amparados explicita ou implicitamente pola UE, que lexitimou e branqueou actuacións de estados membros claramente represivas contra a protesta e contestación social, e que supoñen unha clara involución en termos democráticos. É unha Europa moi distinta á Europa dos Pobos, democrática e socialmente xusta que o BNG defende.

06

Pola xustiza social

As iniciativas desenvolvidas desde a Unión Europea como resposta á crise constatan o deseño antisocial deste modelo europeo, e indican con clarezas as prioridades e os intereses a que obedecen: auxiliar o sector financeiro e os grandes poderes económicos sacrificando o benestar das persoas e dos pobos.

Estamos a asistir á laminación de dereitos e conquistas sociais, ao recorte no sistema público de benestar social, á anulación da intervención directa desde o eido público na actividade económica, e á imposición dun desmantelamento dos sistemas públicos de servizos sociais a través das restricións que a UE exerce en materia de política económica e monetaria. Este deseño fainos retroceder en dereitos e conquistas sociais gañadas durante décadas polas clases populares dos pobos europeos.

Desde unha perspectiva laboral, as políticas da UE impulsaron, e/ou funcionaron como coartada cómplice co Estado, a destrución e a precarización do emprego así como, en nacións como a nosa, os baixos salarios e unha forte e incesante emigración, en especial da mocidade. As actuais condicións de emprego impulsadas polas políticas económicas da UE, cada vez máis precarias, aumentan o risco de pobreza e de exclusión, non só de quen carece de traballo, senón mesmo de traballadoras e traballadores en activo.

07

Pola diversidade lingüística e cultural

O BNG defenderá a diversidade lingüística e cultural que representan as nacións sen estado en Europa, fronte as políticas de uniformización lingüística e cultural impostas polos estados e, por activa ou pasiva, avaladas pola UE.

Defenderemos a dignidade e capacidade de todas as linguas e culturas europeas e esixiremos que se potencien, de maneira especial, aquelas dominadas ou relegadas a un papel secundario, como é o caso do galego, entre outras vías, esixindo o cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias, aprobada polo Consello de Europa, que implica importantes compromisos de cara á protección das linguas propias. En coherencia con esta posición, o BNG defenderá a oficialidade da lingua galega na Unión Europea.

Defenderemos políticas culturais que apoien as culturas dos Pobos de Europa e as súas industrias culturais. Ademais, reclamaremos para Galiza o dereito a aplicar directamente, no que lle corresponder, as políticas e fondos comunitarios da eurorexión Galiza-Norte de Portugal. O BNG aproveitará a súa representación no Parlamento europeo para dar a coñecer a demanda de que Galiza estea inserida na Comunidade de Países de Língua Portuguesa (CPLP).

08

Pola paz e o antimperialismo

O BNG defenderá unha política e unhas relacións internacionais baseadas na paz e na solidariedade e unha relación en pé de igualdade entre pobos. O BNG será garante da defensa dos principios democráticos, da soberanía e independencia dos pobos, da paz, do antimilitarismo, dos dereitos humanos e fundamentais, da igualdade, da xustiza, da diversidade e da cooperación entre os pobos en pé de igualdade.

Manteremos unha posición contraria ao rol subordinado da UE ao expansionismo estadounidense, aliñándose a UE as máis das veces coas posicións imperialistas e as ocupacións e invasións ilexítimas, reforzando o papel de Europa como colaboradora necesaria nas agresións militares capitaneadas pola OTAN e os USA, contribuindo desde a UE a unha orde internacional desigual e xerarquizada.

Defenderemos a non inxerencia e non intervención, co pacifismo e o antimilitarismo como bandeira e as relacións de solidariedade cos pobos oprimidos, así como o desenvolvemento dunha política internacionalista no marco do Parlamento Europeo alternativa á que desenvolve a UE, como fixemos dende que temos presenza no Parlamento Europeo. O BNG defenderá a derogación da “Política Común de Defensa e Seguranza” da UE, así como o fin das misións militares no exterior do “euroexército”: Ucraína, Iraque, Malí, Libia, etc.

09

Por unha europa sustentábel desde unha perspectiva ambiental, enerxética e territorial

Galiza, para seguir existindo, precisa preservar o territorio e os recursos propios, desde a capacidade de produción de alimentos, até a paisaxe ou a biodiversidade. Nese sentido, a pesar da errónea idea xeneralizada de que as normativas e as políticas europeas presentan un perfil moi avanzado na protección do ambiente e o desenvolvemento sustentábel, temos moitos e significativos exemplos de que fican subordinadas aos intereses das grandes transnacionais, que exercen un forte poder lobbístico sobre o seu deseño. As políticas de residuos, da xestión da auga e dos ríos, dos espazos naturais, son algúns exemplos notorios. Así mesmo, debe aproveitarse a necesidade dun novo modelo enerxético para incrementar as esixencias do punto de vista ambiental nese ámbito polo seu carácter estratéxico.

O BNG continuará a denunciar nas instancias europeas os atentados ecolóxicos que se producen no noso país, como viñemos facendo nos últimos anos coa megaminería, o uso de químicos na fumigación dos montes, os incendios, a eucaptilización, a contaminación das rías e dos ríos, a xestión do lixo, e a especulación urbanística.

10

Por un modelo de transporte non discriminatorio

O deseño das política de transporte e redes transeuropeas discrimínanos tanto no que atinxe ao seu financiamento como á priorización das redes de transporte que conectan co centro de Europa como vimos co Corredor Atlántico recentemente.

O BNG defenderá unha política de desenvolvemento territorial que vertebre o territorio e teña en conta a condición de periferia da Galiza e a escaseza de conexión coas redes transeuropeas de transporte –por estrada, ferroviarias e marítimas dos nosos portos.

30 Medidas Urxentes

1. Unha nova Política Agraria e aposta pola soberanía alimentaria. O BNG considera necesario retomar como principio básico da política agraria a soberanía alimentaria de cada pobo, onde resida a facultade de definir as propias políticas agrarias e alimentarias consonte os seus recursos e obxectivos de desenvolvemento sustentábel. Galiza debe poder protexer o seu mercado alimentario doméstico, evitando a importación de produtos que ten capacidade de producir, e consolidando un modelo de produción agraria baseado na proximidade, na redución de intermediarios e na ruptura co modelo implantado na Organización Mundial do Comercio (OMC), fortemente influenciado polas grandes multinacionais da alimentación e os mercados financeiros. Nese sentido, defenderemos unha política agraria diferente, que contribúa a corrixir os desequilibrios existentes no reparto de axudas ás persoas profesionais do sector agrario, e que potencie a calidade dos alimentos, a protección do ambiente e as funcións sociais e territoriais da actividade agraria. Defenderemos unha nova política forestal que non estea baseada no cultivo do eucalipto. E tamén o apoio a sectores como o vitivinícola ameazado pola liberalización do sector e a entrada de híbridos.
2. Estabelecer un novo estatus institucional para Galiza na UE en materia pesqueira, recoñecendo formalmente o seu carácter como “Zona Altamente Dependente da Pesca”, e posibilitando a súa presenza, con dereito de decisión e obxección, nas institucións comunitarias onde se adoptaren decisións en materia pesqueira. Esixencia de respecto das competencias propias na pesca de baixura, no marisqueo e na comercialización. Así mesmo, reclamaremos a derogación do “Principio de estabilidade Relativa”, que consagra a discriminación da nosa frota en augas comunitarias e a erradicación dos privilexios que benefician a determinados Estados. Tamén o acceso da frota galega de altura e grande altura a caladoiros en augas internacionais

e no acceso a acordos pesqueiros con terceiros estados. O BNG defenderá o fin da prohibición da UE a programas de renovación e modernización da frota pesqueira galega. Por motivos produtivos, de calidade de vida a bordo, e mesmo de seguranza marítima.

Sendo como somos a primeira potencia de produción de conserva da UE, reclamamos o fin da competencia desleal para cos nosos produtos, segundo o deseño da OCM, rematando cos acordos da UE con estados do sueste asiático.

3. Defensa da capacidade produtiva do sector naval e loita contra a competencia desleal doutros Estados membros.
4. Derogación das condicións abusivas do artigo 135 dos tratados comunitarios e loita por outro modelo de gobernanza económica. Así mesmo, combateremos o fomento da privatización dos servizos públicos e o impedimento da súa recuperación defendendo o establecemento de límites e a eliminación de calquera tipo de trabas legais impostas desde Europa á hora da reinternalización (rescate) dos servizos e empresas de orixe pública promovendo que se permitan e regulen. O BNG combaterá a imposición dos mecanismos de estabilidade orzamentaria, así como as directivas de servizos vixentes, fundamentadas non no beneficio público, senón no principio de competencia capitalista.
5. De acordo coa Declaración Internacional Os Pobos de Europa ante os Tratados de Libre Comercio do 1 de xullo de 2017, posición de defensa de tratados bilaterais xustos en materia comercial, social e de dereitos humanos, coa firme crítica contras os tratados de libre comercio como o TTIP, CETA, JAFTA, revisión dos tratados con América Latina, con Marrocos, Israel e Turquía.
6. Creación dunha renda social europea, que teña por obxecto impedir os actuais procesos de empobrecemento de amplas capas da poboación a asegurar unha calidade de vida digna. Continuidade do grupo pola renda mínima europea no Parlamento Europeo.
7. Gravar as transaccións económicas especulativas e erradicar os paraísos fiscais na UE, e limitar os movementos de capitais cara a paraísos fóra da UE así como asegurar a coordinación para a tributación das grandes corporacións empresariais, para impedir a evasión fiscal e procurar a súa xusta contribución en función dos beneficios obtidos.

8. Defender que o elemento demográfico sexa tido en conta no marco da actual negociación de fondos de Cohesión, coa inclusión do tema da dispersión e envellecemento na Galiza como factor de dificultade e encarecemento para a prestación de servizos, sanitarios, transporte, correos, etc. e a necesidade de maior apoio, así como coa chamada sobre o elemento da emigración da mocidade e de profesionais de todas as idades.
9. Defender a implantación dunha xornada laboral de 35 horas semanais e avanzar nunha racionalización dos horarios laborais, coa paulatina implantación de xornadas continuadas a fin de promover unha mellor distribución dos horarios e a conciliación da vida laboral e familiar. Vincular isto á defensa do dereito da Galiza a decidir sobre a adopción do fuso horario do meridiano Greewich.
10. Rexeitar a inxerencia e tutelaxe da Troika nas decisións internas de estados e pobos e impulsar un maior transparencia e control democrático das institucións comunitarias a través da publicación de todos os procesos deliberativos previos á toma de decisión no Consello de Ministros, o control dos lobbies e grupos de presión e un maior control por parte do Parlamento europeo de outras institucións comunitarias. Opoñémonos con toda contundencia a que Comisión Europea, Banco Central Europeo e Fondo Monetario Internacional (órganos opacos e sen ningún control democrático) teñan as rendas da decisión sobre as nosas vidas
11. Loita contra a xenofobia e o racismo e protección das persoas migrantes e refuxiadas mediante a derogación das directivas sobre o retorno da inmigración, o Acordo da Vergoña UE-Turquia e pulo á aprobación do Pacote de Asilo Dublin que garantiría o dereito ao asilo das persoas refuxiadas, e a creación dun Visado Humanitario Europeo, como defendemos constantemente nesta lexislatura no Parlamento Europeo. Garantir o dereito ao acceso aos servizos públicos e integración por parte das persoas estranxeiras en situación irregular. Así como a reforma do Acordo de Schengen, que lexitima as políticas regresivas que dificultan a permanencia legal e integración das persoas migrantes, así como a esixencia de que a Europa fortaleza mude as competencias de Frontex para rescatar persoas en vez de permitir que morran como está acontecendo no Mediterráneo e en Alborán. Condena á criminalización de organizacións e persoas que rescatan vidas no mar e axudan a persoas refuxiadas.

12. Defensa das alternativas feministas e combate da vaga de retrocesos que pretende reforzar o patriarcado. A involución que se está dando en moitos lugares nos dereitos sexuais e reproductivos das mulleres, no auxe do machismo e do patriarcado así como no aumento da violencia contra as mulleres, incluído o retroceso institucional, precisa defender en Europa políticas que apoiem a loita contra a violencia de xénero e a misoxinia, contra o machismo e a volta atrás nos dereitos. Defenderemos os dereitos sexuais e reproductivos e de decisión das mulleres sobre os seus corpos. Oporémonos á legalización e permisividade da práctica dos ventres de alugueiro por constituír unha forma de explotación e mercantilización do corpo das mulleres, especialmente daquelas máis empobrecidas e vulnerábeis. Impulsaremos medidas de reprobación e sanción ao Estado español polo incumprimento do Convenio de Istambul respecto da prevención e loita contra a violencia machista.
13. Promoción da memoria democrática e loita antifascista. Recuperación e socialización de lugares da memoria vinculados á represión e á resistencia antifascista. Cumprimento da Resolución do avance contra o neofascismo en Europa, promovida polo BNG como relator, na que se reclama a ilegalización da Fundación Franco e outras fundacións que fan apoloxía do fascismo.
14. Apoio decidido ás linguas minorizadas como o galego garantindo o cumprimento dos obxectivos da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias nos ámbitos do ensino e dos medios de comunicación e derogando as normas que contraveñen o disposto nesta. Reclamación da oficialización do idioma galego na Unión Europea.
15. Aposta pola soberanía enerxética dos pobos e polas enerxías renovábeis, para amortecer os efectos da dependencia enerxética exterior e rebaixar as emisións de gases de efecto invernadoiro, co acceso prioritario aos mercados de enerxía procedente de fontes renovábeis. Defender a capacidade de decisión de Galiza para definir e organizar o seu novo modelo enerxético diante da progresiva eliminación de materias primas finitas. Demandar o recoñecemento do dereito de Galiza a ter unha tarifa eléctrica galega que lle permita facer do seu papel de produtora excedentaria un motor de desenvolvemento económico e social, en harmonía/coherencia coa existencia de tarifas diferenciadas que existe en toda Europa.

16. Denunciar a xestión de residuos desenvolvida na Galiza por SOGAMA co apoio e financiamento da UE, e esixir o financiamento público de prevención, a reciclaxe e a compostaxe, así como a penalización da incineración e o vertido. Reclamar a inspección e vixilancia dos residuos nucleares depositados na fosa atlántica en cumprimento do Tratado Euratom.
17. Exixir o saneamento integral das rías e dos ríos galegos, denunciando o seu estado e a necesidades de control efectivo da execución do seu saneamento no cumprimento da Directiva Marco da Auga, como prioritario. Impulsar a denuncia do estado os ríos galegos e a afectación polo impacto da produción hidráulica e das deficiencias no saneamento e xestión dos residuos.
18. Denunciar a normativa europea que permite, e mesmo incentiva e promove, a espoliación e privatización dos espazos naturais por megaproxectos de minaría e macroacuícultura industrial, urbanismo, enerxéticos ou doutro tipo, e que afecta en moitos casos a espazos da Rede NATURA, e a capacidade produtiva propia.
19. Defender unha nova política de transporte, favorecedora do transporte público, as conexións ferroviarias (de pasaxeiros e mercadorías) e as conexións aéreas directas da Galiza co resto da UE. Impulso da intermodalidade. Aprobación definitiva da entrada do Porto de Vigo e da Coruña no Corredor Atlántico de Mercadorías europeo. Modernización urxente da liña Vigo-Porto. Defender unha política de seguridade ferroviaria, para que se esixan responsabilidades polo incumprimento da normativa, como a traxedia do accidente de Angrois, cumplan coas obrigas en materia de seguridade e poidamos coñecer toda a verdade do acontecido.
20. Defender unha política de paz que renuncie explicitamente á guerra preventiva e a calquera agresión militar que conculque a carta fundacional de Nacións Unidas. Rexeitar as inxerencias e ocupacións militares doutros países especialmente doutras nacións sen estado especialmente castigadas como os pobos palestino, saharai ou curdo. Defender unha política internacionalista de solidariedade internacional e non inxerencia. Desaparición do “euroexército” e das misións internacionais da UE.
21. Frear a mercantilización do ensino en todos os niveis, particularmente no superior (Plan Boloña), continuando a aposta por unha universidade pública, galega e de calidade

educativa e investigadora, cunha política antagónica á mercantilización, elitización e uniformación. Así mesmo, pularemos por mellorar o programa de axudas ao estudiantado Erasmus, destinando o seu montante de xeito preferente a bolsas, modificando a tendencia a conceder préstamos e prácticas laborais.

22. Defender unha estratexia europea arredor do benestar e protección animais e supresión de calquera axuda directa ou indirecta a espazos relacionados coa tauromaquia.
23. Revisión da política prohibicionista sobre as drogas: melloira da situación das persoas consumidoras e as súas familias a través do incremento dos programas dedicados ao tratamento de drogodependentes que desexaren abandonar a adicción; a integración da política de drogas na política xeral de consumo e sanidade; e o inicio dun debate amplo para seren avaliadas as consecuencias da política seguida até o de agora e onde se aposte por unha nova política sobre drogas realista onde se valoren alternativas que propugnan a distribución controlada de determinadas substancias (marihuana) polas autoridades públicas.
24. Defender os dereitos das persoas LGBTI, denunciar casos de discriminación e promover políticas de igualdade real de dereitos.
25. Defensa dunha Europa laica e respectar a diversidade relixiosa.
26. Defenderemos un Brexit o menos lesivo posíbel para os intereses de Galiza: Diante do escenario que se abre co Brexit, defenderemos que galegas e galegos poidan seguir tendo libre circulación, así como loitar para que impacto sobre a pesca e diversos sectores económicos sexa menor do que se presenta hoxe en día.
27. Loita contra a emigración galega e defensa dos intereses d@s emigrantes retornad@s. Con independencia de que é o ámbito galego o que debe xerar recursos para garantir emprego digno na propia Terra, o BNG oporase á actual supremacía das liberdades fundamentalistas do mercado, en que a “libre circulación de traballadores” é empregada como coartada para favorecer precisamente, o éxodo da mocidade galega.

28. Defensa inquebrantábel da liberdade de expresión e de prensa.
29. Apoio ás persoas e colectivos con doenzas e dependencias como o Alzheimer, a síndrome de Down, o autismo, as enfermidades mentais, as doenzas relativas á mobilidade, a anorexia, e tantas outras que loitan incansablemente contra un recorte de recursos públicos e por apoio a pacientes e entorno familiar, co aumento de fondos europeos para a investigación, para o tratamento deste tipo de enfermidades. Así mesmo, demandaremos a continuidade nos grupos de traballo no Parlamento Europeo de loita contra o cancro, tendo en conta que é a doenza que afecta a unha grande parte da poboación europea, incluíndo a petición de aumento de fondos europeos para a investigación, tratamento e cofinanciación de recursos técnicos, incluída a implementación oficial da biopsia líquida.
30. Demandaremos unha maior implicación das políticas europeas en defensa do software libre e contra os abusos das grandes multinacionais tecnolóxicas.